



RESOLUCIÓN DA XEFATURA TERRITORIAL DE CELEIRO-LUGO POLA QUE SE PUBLICA A A LISTAXE DE PERSOAS ASPIRANTES SELECCIONADAS PROCESO SELECTIVO PARA O ACCESO AO PERMISO DE EXPLOTACIÓN DE MARISQUEO A PÉ NA MODALIDADE DE MARISQUEO XERAL PARA O EXERCICIO DA ACTIVIDADE EXTRACTIVA NO ÁMBITO DA CONFRARÍA DE ESPASANTE, E SE ABRE O PRAZO PARA A PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN.

Antecedentes

1. De conformidade coa Orde de 21.12.2020 pola que se aproba o plan xeral de explotación marisqueira para o trienio 2021-2023 e co expediente de aprobación do plan de xestión de moluscos bivalvos e gasterópodos, tanto en autorización coma en libre marisqueo, da Confraría de Espasante (PE403A 2020/12-1 e PE403A 2020/12-2) para o ano 2023 o número máximo de permisos a pé que poden participar no plan é de 20

Logo do último proceso anual de renovación e tendo en conta as baixas producidas no que vai de ano, o número de permisos vixentes na actualidade na entidade é de 11, polo que existen prazas por cubrir ata acadar a cifra máxima indicada.

2. O 26.05.2023 a Confraría de Pescadores de Espasante presenta unha solicitude para a cobertura dunha praza vacante no Plan de moluscos bivalvos e gasterópodos, tanto en réxime de autorización coma en libre marisqueo.

3. De acordo co anterior, por resolución de 8 de xuño de 2023, esta xefatura territorial convocou proceso selectivo para o acceso ao permiso de explotación a pé na modalidade de Marisqueo xeral para exercer a actividade extractiva no ámbito da Confraría de Espasante. Neste proceso convocouse 1 praza.

4. Ao presentarse soamente unha persoa ó proceso selectivo, decidiuse emitir a listaxe definitiva directamente.

Consideracións legais e técnicas

1. Esta Xefatura Territorial é o órgano competente para o outorgamento dos permisos de explotación de conformidade co establecido no Decreto 425/1993, do 17 de decembro, polo que se refunde a normativa vixente sobre o permiso de explotación para exercer a actividade pesqueira e marisqueira, modificado polo Decreto 114/2007, de 31 de maio, e polo Decreto 48/2013, do 7 de marzo.

2. A Orde do 15 de xullo de 2011, pola que se regula o permiso de explotación para o marisqueo a pé, regula no artigo 6 e seguintes o procedemento para a obtención do permiso de explotación.

3. As solicitudes presentadas valoráronse de acordo co establecido na Resolución do 12 de novembro de 2013 da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, pola que se aproba o baremo para obter o permiso de explotación para o marisqueo a pé.

4. Toda a documentación aportada e as alegacións presentadas foron revisadas.





De acordo co anteriormente indicado e de conformidade co establecido na base 3.1 do anexo A da Resolución de 8 de xuño de 2023 pola que se convoca proceso selectivo para o acceso ao permiso de explotación na modalidade de Marisqueo xeral para o exercicio da actividade extractiva no ámbito da Confraría de Espasante así como na disposición transitoria primeira do Decreto 245/2009, do 30 de abril, polo que se regulan as delegacións territoriais da Xunta de Galicia, e no Decreto 177/2016, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia, esta xefatura territorial no exercicio das súas competencias,

RESOLVE

1. Facer pública a listaxe definitiva das persoas que superaron o proceso selectivo e as que non o superaron, así como as puntuacións obtidas polas persoas aspirantes admitidas ao proceso selectivo para o acceso ao permiso de explotación de marisqueo a pé na modalidade de Marisqueo xeral para o exercicio da actividade extractiva no ámbito da Confraría de Espasante.

2. A relación definitiva de persoas non seleccionadas que non foron excluídas do proceso selectivo, constituirá unha lista de reserva que terá unha vixencia dun (1) ano contado desde o día seguinte ao da data desta resolución.

3. As persoas seleccionadas disporán dun prazo de quince (15) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación da presente resolución, para achegar a documentación que figura na base 3.2 do anexo A da convocatoria:

a) Certificado de estar empadroadada nun municipio do litoral de Galicia. Esta documentación non será necesaria que se presente no caso de consentimento expreso da persoa para comprobar os datos de residencia mediante consulta ao sistema de verificación de datos de acordo co Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e a Orde do 7 de xullo de 2009.

b) Certificado da Seguridade Social de non ser perceptora de pensións de xubilación, grande invalidez, incapacidade permanente absoluta, incapacidade permanente total, en favor de familiares ou perceptor da renda de integración social de Galicia. As persoas perceptoras da renda de integración social deberán achegar escrito de renuncia a ela. Non será necesario en caso de autorización á Consellería do Mar para a consulta destes datos.

c) Informe médico que acredite que a persoa de non está incapacitada para exercer os labores de marisqueo.

d) Dúas fotografías de tamaño carné actuais e iguais, co seu nome e DNI escrito por detrás.

As persoas que dentro do prazo fixado non presentasen a documentación ou do exame dela se deducise que carecen dalgún dos requisitos sinalados, entenderase que desisten da súa solicitude.

Neste suposto, emitírase unha nova resolución modificando esta, consonte aos prazos e forma recollidos nos parágrafos anteriores, declarando seleccionada/s a/as persoa/s que figuren na lista de reserva pola desistencia das persoas que non presentaron a documentación ou carecen dos requisitos.





4. De acordo co disposto no Decreto 425/1993, do 17 de decembro, as persoas seleccionadas que presentasen a documentación dentro do prazo establecido deberán cumprir ademais cos seguintes requisitos para a obtención do permiso de explotación:

- a. Estar en posesión do permiso do certificado de mariscador.
- b. Non ter sancións firmes en vía administrativa en materia de protección de recursos mariños, pendentes de pagamento.

5. A presente resolución publicarase no taboleiro de anuncios da Xefatura Territorial de Celeiro-Lugo e na páxina web <http://www.mar.xunta.gal>.

A resolución tamén se exporá, con carácter informativo, no taboleiro de anuncios da Confraría de Espasante.

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de alzada ante a Conselleira do Mar no prazo dun (1) mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución, de acordo co establecido nos artigos 30, 121 e 122 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O xefe territorial

PS.: A xefa do Servizo de Desenvolvemento Pesqueiro
(Resolución do 15/07/2021 da Conselleira do Mar)
(asinado dixitalmente)
María Nazaret Díaz Rifón





ANEXO I
RELACIÓN DEFINITIVA DE PERSOAS SELECCIONADAS QUENDA XERAL

Nº	Apelidos e nome	D.N.I.	1	2.a	2.b	3	TOTAL
1	CHACON MARTIN LUIS MIGUEL	* * * 4229 * *	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00

Nota: ocúltase parcialmente o número de D.N.I. en aplicación das garantías de protección da súa divulgación, seguindo o establecido pola Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais en relación á identificación dos interesados nas notificacións por medio de anuncios e publicacións de actos administrativos, así como a orientación para a súa aplicación da Axencia Española de Protección de Datos.

PUNTUACIÓN (de conformidade coa resolución de convocatoria do proceso selectivo):

Apartado 1: por demandante de emprego

Apartado 2: por formación

Apartado 2.a: cursos incluídos no catálogo

Apartado 2.b: titulación académica

Apartado 3: por estar empadroadado/a nun concello do ámbito territorial da entidade titular do plan de xestión





ANEXO II
RELACIÓN DEFINITIVA DE PERSOAS NON SELECCIONADAS LISTA DE RESERVA

Nº	Apelidos e nome	D.N.I.	1	2.a	2.b	3	TOTAL
----	-----------------	--------	---	-----	-----	---	-------

Nota: ocúltase parcialmente o número de D.N.I. en aplicación das garantías de protección da súa divulgación, seguindo o establecido pola Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais en relación á identificación dos interesados nas notificacións por medio de anuncios e publicacións de actos administrativos, así como a orientación para a súa aplicación da Axencia Española de Protección de Datos.

PUNTUACIÓN (de conformidade coa resolución de convocatoria do proceso selectivo):

Apartado 1: por demandante de emprego

Apartado 2: por formación

Apartado 2.a: cursos incluídos no catálogo

Apartado 2.b: titulación académica

Apartado 3: por estar empadroadado/a nun concello do ámbito territorial da entidade titular do plan de xestión





CRITERIOS DE BAREMACIÓN

- 1- PARO: tempo transcorrido como desempregado/a, sempre que na actualidade sexa demandante de emprego, non en mellora de emprego: 0,25 puntos/mes durante un máximo de 1 ano inmediatamente anterior á convocatoria (puntuación máxima 3 puntos).

- 2- FORMACIÓN:

2.a ACTIVIDADES DE FORMACIÓN (cursos, seminarios e xornadas ou asimiladas):

Valoración das actividades que foron recoñecidas como mérito para acceder ao permiso de marisqueo a pé e que figuran inscritas no catálogo de actividades formativas anexo á Resolución do 8 de xuño de 2023 da Xefatura Territorial de Celeiro-Lugo pola que se convoca o proceso selectivo.

2.b TITULACIÓN ACADÉMICA:

Graduado en ESO ou equivalente: 0,30 puntos; Bacharel ou equivalente: 0,50 puntos; Diplomado universitario ou equivalente: 0,70 puntos e Licenciado universitario ou equivalente: 1 punto. Ás persoas que posúan a titulación de técnico superior en produción acuícola ou técnico en Operacións de Cultivo Acuícola impartidas no IGAFA, engadiráselles 1 punto.

A suma de puntos do apartado de formación non superará os 3 puntos

- 3- PADRÓN: Por estar empadroado nun concello do ámbito da confraría ou entidade titular do plan de explotación en que está prevista a incorporación, durante un mínimo de 1 ano anterior á convocatoria: 4 puntos

